

15/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 17 de decembro de 2024, ás doce horas e tres minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde asistido do secretario que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Manuel Rodríguez López

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego (abandona o salón de plenos ás 12:55h e incorpórase ás 12:58h)

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Diego Balsa Bellas

SECRETARIO:

Manuel Larrosa Rodríguez

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO.- RESIDENCIA PÚBLICA DE MAIORES NAS PONTES. ACORDOS

Aberta a sesión o presidente concede a palabra á voceira do BNG que comeza explicando o contido da proposta presentada en data 12/12/2024

O texto da proposta presentada polo BNG é o seguinte:

“**1. Demandar** da Xunta de Galiza a inclusión nos seus orzamentos para 2025 dunha partida, na anualidade de 2025, para a execución dunha **Residencia Pública de Maiores** no concello das Pontes que cubra as necesidades que, segundo as recomendacións internacionais, son de 1 cama por cada 100 maiores de 65 anos, así como a creación dunha comisión Xunta-Concello, con representación de todos os

grupos municipais, para a concreción e seguimento da mesma, que celebrará a súa primeira reunión antes do remate de 2024.

2. Demandar da Deputación da Coruña a súa **colaboración económica e técnica** no desenvolvemento do punto anterior, e, de ser o caso, o compromiso de **substituír** á Xunta na execución dunha **Residencia Pública de Maiores** no concello das Pontes, nas condicións sinaladas, e nos mesmos termos que ten aplicado a Deputación de Lugo para a construción e posta en marcha do mesmo servizo en varios concellos do seu ámbito territorial.

3. Comprometer a cesión dos terreos precisos para a execución da **Residencia Pública de Maiores** no concello das Pontes á administración que a desenvolva, para o que o concello obrígase a:

a. someter á decisión veciñal a situación dos mesmos, entre as opcións da Canle IV, antigo *Hospitalillo* de Endesa, e Colexio Pardo Bazán, asumindo o resultado da mesma;

b. iniciar, de xeito inmediato ao resultado da decisión veciñal, os expedientes de adquisición dos terreos que non sexan públicos e da adaptación urbanística precisa dos mesmos, de ser o caso.

4. Acordada a construción da Residencia, o Concello, coa participación de tódolos Grupos Municipais, encetará negociacións coa Xunta de Galiza para que, no ámbito das súas competencias asuma a súa xestión, se por calquera motivo a Xunta non asume a súas competencias, o propio Concello xestionará a Residencia, directa ou indirectamente.

5. Responsabilizar ao Alcalde do desenvolvemento, de ser o caso, do presente acordo.”

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto somete a votación a proposta de acordo do BNG, acordando o pleno do concello en votación ordinaria por 7 votos en contra dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 5 votos a favor (3 dos representantes do grupo político do Bloque Nacionalista Galego e 2 votos dos representantes do grupo político municipal do Partido Popular), rexeitar a proposta.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás trece horas e oito minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretario, certifico.

O secretario

O presidente

Manuel Larrosa Rodríguez

Valentín González Formoso

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 17/12/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

8210142367438D57A86857158FC8249DE49D1CEDF0F51E90687626EF4DE91A43

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

F431EFFFFFFD33CF47309BE595FD2277D1118FC65F8E0E0E44CEB004173C535CD

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

O secretario

Manuel Larrosa Rodríguez